



**O IES Xulián Magariños
convoca o
“III Concurso de fotografía :
MATEMÁTICAS NA
CONTORNA”**

As matemáticas poden explicar moitos dos aspectos da nosa vida diaria. Estamos rodeados de elementos deseñados ou construídos a partir de leis e principios matemáticos: liñas, curvas, formas xeométricas, estruturas... Unha imaxe se considera fotografía matemática cando no seu contido apreciamos claramente algún concepto matemático (aritmética, xeometría, un teorema, xiros, simetrías, etc.)

O obxectivo que nos propoñemos ao convocar este concurso é que o alumnado desenvolva a súa capacidade de observación, creatividade e imaxinación e nos sorprenda cun conxunto de imaxes que reflectan esa clara relación con algún concepto matemático.

Bases do Concurso

1. Poderán participar todos os alumnos e alumnas matriculados este ano no IES Xulián Magariños.
2. Cada concursante poderá presentar un **máximo de tres fotografías**, que deberán ser orixinais súas.
3. As fotografías deberán ter relación co tema proposto e terán un título que reforce esa relación.
4. As fotografías presentaranse en formato dixital, cun tamaño mínimo de 6Mpx, para permitir unha ampliación a 40x30 cm sen perda apreciable de calidade.
5. Permítese o retoque con programas de edición fotográfica tipo Photoshop a nivel únicamente de cor e contraste, non aceptándose edicións que copien, roten ou dupliquen elementos.
6. Para garantir que a fotografía é orixinal tomarán outra fotografía onde se vexa a persoa concursante facendo esa foto e que á súa vez abarque a escena fotografiada.
7. As fotos de concurso e as fotos que acreditan que o autor fixo a fotografía desa escena enviaranse por correo electrónico á dirección ies.xulian.magarinos@gmail.com, incluíndo o título das fotografías e o elemento matemático representado.
8. O prazo de envío será ata o 31 de outubro.
9. O xurado estará composto por 3 membros do claustro de profesores con experiencia no mundo da fotografía e emitirá o seu fallo o día 3 de novembro.
10. Unha selección das mellores fotografías presentadas será exposta en espazos do centro durante o mes de novembro.
11. Os premios serán: **Primeiro premio:** 100 € **Segundo premio:** 60 € **Terceiro premio:** 40 €
(o concurso pode quedar deserto en caso de que a calidade das fotografías presentadas non se considere axeitada)
- 12.- A participación no concurso implica a aceptación das bases.

Negreira, 13 de outubro de 2020